



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza esixe o saneamento absoluto do rural e o mantemento do casco urbano

Menos do 6% do Plan Concellos do ano pasado está executado. Para o presente 2017 Veciñanza esixe un regulamento serio para os Orzamentos Participativos, completar ata o 100% o saneamento no rural cuntese e o mantemento e conservación das rúas e mobiliario do casco urbano.

Cuntis, 18 de febreiro de 2017. Esta semana o Alcalde Manuel Campos presentounos o borrador de investimentos do Plan Concellos 2017, os fondos que a Deputación de Pontevedra transfire ao Concello de Cuntis. Este compromiso era parte do acordado na negociación dos Orzamentos Municipais deste ano. **Un ano máis porase en marcha o procedemento de Orzamentos Participativos, tal e como impulsara o noso grupo o ano pasado para que veciños/as e asociacións poidan presentar os seus proxectos e decidir en que se invisten os fondos públicos.** Para este 2017 esiximos un regulamento de participación e unhas bases debidamente definidas para que todos os veciños/as, así como colectivos, poidan participar en igualdade de condicións. Ademais, Veciñanza considera de vital importancia impulsar, especialmente, dous investimentos con cargo a este Plan: **acadar dunha vez por todas o 100% de saneamento no rural cuntese** e aplicar o **plan de limpeza, conservación e mantemento do casco urbano** que o noso grupo presentou durante o pasado ano. Con todo, é importante valorar o estado de execución deste mesmo plan no ano pasado.

O proposto no Plan Concellos do 2016 que está a día de hoxe executado non chega ao 6% do total: trátase da reforma da rúa Castelao, que tivo un custe de 25.000 euros. Atópase en execución o referido á limpeza de camiños e viais, pouco máis dun 28% do total. Están sen licitar intervencións tan importantes e necesarias como as reformas no Centro Sociocultural Xosé Ruido Patelas, o mantemento das escolas unitarias do rural ou as intervencións nalgunhas depuradoras. Mención especial merecen os proxectos que se deben executar a partires daquel frustrado procedemento de Orzamentos participativos. Nin se sabe cales son nin se sabe cal é exactamente o seu estado actual. Máis da metade do total asignado no Plan Concellos do ano pasado segue sen licitar ou os proxectos están en paradoiro descoñecido.





veciñanza

nota de prensa

Para este 2017 Veciñanza esixiu a elaboración dunhas bases e dun regulamento serio para o apartado dos Orzamentos Participativos. Desta maneira, calquera particular ou colectivo que presente un proxecto deberá saber de antemán cales son os criterios de valoración. A día de hoxe, seguimos agardando a ter este regulamento e esperamos que se faga público coa suficiente antelación.

Ademais, Veciñanza plantexou dous proxectos que consideramos de vital importancia. Ademais do de sinalización das aldeas e parroquias, no que coincidimos co propio Goberno Municipal, entendemos que é inaprazable o obxectivo de completar ata o 100% o saneamento en todo o rural cuntiense. Non é presentable que a estas alturas haxa domicilios sen dispoñer deste servizo básico, cremos que o Concello de Cuntis ten que asumir esta responsabilidade e priorizar este asunto.

De igual maneira, e a partires do '*Informe sobre o estado de conservación das rúas de Cuntis*' (dispoñible na nosa web) que presentamos fai poucos meses, **entendemos que se debe acometer o adecentamento integral do casco urbano, repoñendo mobiliario urbano deteriorado, arranxando beirarrúas, substituíndo varandas vellas, etc.**

Agardamos que estas iniciativas sexan tomadas en consideración polo Grupo de Goberno e acepten a nosa dispoñibilidade para colaborar. De igual maneira, a agradamos tamén que a nosa crítica construtiva sirva para rectificar o necesario.

